



TES ATA AS DEZ

SÁBADO, 14 DE DECEMBRO DE 2019

Hora de saída: ás 11:00
Punto de encontro: praza da Constitución
Prazo de inscrición: dende o martes 10 de decembro e ata completar as prazas
Inscrición: deben chamar ao teléfono 986 81 02 81 de 9:00 a 13:30 h e facilitarnos nome, apelidos e teléfono de contacto(1)

Paseo literario guiado por **Francisco Castro**, autor da novela “Tes ata as 10” que nos levará polos principais espazos onde transcorre a trama.

Desde a praza da Constitución desprazarémonos ata a Porta do Sol, deterémonos no edificio que albergaba *El Pueblo Gallego*, que serviu de inspiración para recrear o *Eco de Vigo*, o xornal onde traballa o pai do protagonista.

Baixaremos cara ao Teatro García Barbón, para parar na antiga sede da Churrería Bonilla de camiño cara á rúa Luís Taboada, rúa que albergaba a enigmática imprenta da novela *Tes ata as dez*. A praza de Compostela/Alameda e o Porto deportivo encamiñarannos cara á estatua de Jules Verne, protagonista da cidade e da novela.



(1) Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións de aplicación. A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento das persoas interesadas. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase á dpd.vigo@vigo.org. Así mesmo os usuarios e usuarias tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.